

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR SAN JOSÉ 36006675  
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS  
DATA: 07/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>
B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CMCCT</li> <li>• CSC</li> </ul>
B2.2 Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.	CSB2.2.1 Describe as características principais do aire e da auga.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CCL</li> </ul>
B2.3. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima.	CSB2.3.1 Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> </ul>
B2.4.Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	CSB2.4.1.Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CD</li> <li>• CCL</li> </ul>
B2.8 Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	CSB2.8.1 Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CAA</li> </ul>
B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	CSB2.9.1.Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
B3.1.Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuindo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.	CSB3.1.1.Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>

B3.2. Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións	CSB3.2.1. Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> </ul>
B3.3. Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	CSB3.3.1. Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.	CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CAA</li> </ul>
B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.	CSB3.4.2. Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CCEC</li> </ul>
B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
B4.2. Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares a través da realización dunha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	CSB4.2.1. Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC CAA</li> <li>• CCL</li> </ul>
B4.3. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo.	CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CCL</li> </ul>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> Os procedementos que se van a levar a cabo serán:</p> <p><u>Observación directa do traballo diario.-</u> Terase en conta o traballo realizado polo alumnado durante as dúas primeiras avaliacións nas actividades levadas a cabo na aula. Tamén se valorará de forma positiva a realización das tarefas realizadas durante a docencia non presencial.</p> <p><u>Probas obxectivas:</u> Realizaranse tarefas de forma oral para a valoración dos coñecementos acadados polo alumnado.</p> <p><u>Producións propias:</u> Se realizarán fichas e outros traballos relacionados cos contidos.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <p><u>Entrevista:</u> De forma individual analizaremos o grado de consecución do estándar de aprendizaxe.</p> <p><u>Caderno e libro do alumno:</u> Revisión, corrección e análise diaria das actividades realizadas.</p> <p><u>Debates na aula e intervencións nas actividades propostas no blog.-</u> Realización de preguntas chave para amosar os coñecementos sobre unha temática.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A avaliación terá un carácter continuo e irá en liña coas indicacións referidas na Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación na etapa de Educación Primaria.</p> <p>Realizarase unha valoración global das producións do alumnado a través dos diferentes instrumentos valorando o grado de consecución dos elementos curriculares anteriormente seleccionados.</p> <p>Para avaliación das competencias clave terase en conta todos os estándares que se relacionan con cada competencia a través dunha media aritmética.</p> <p>Terase en conta de forma positiva todos os traballos desenvolvidos durante a etapa non presencial. A súa participación contribuirá cun incremento de 1 punto na avaliación final.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	NON CORRESPONDE
<b>Alumnado de materia pendente</b>	NON CORRESPONDE

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades desenvolvidas durante este 3º trimestre irán destinadas á realización de tarefas de reforzo, repaso e ampliación dos contidos traballados durante a ensinanza presencial.</p> <p>Trataremos de desenvolver o nivel competencial do alumnado a través de tarefas interdisciplinares e integradas.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A metodoloxía estará baseada nos criterios establecidos no artigo 15 do Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se regula o currículo na Educación Primaria.</p> <p>Buscaremos un aprendizaxe comunicativo, activo, participativo e inclusivo. O noso principal obxectivo será a funcionalidade das aprendizaxes favorecendo a autonomía do alumnado e a consecución de aprendizaxes significativas, onde se fomentará a implicación do alumnado. As ferramentas TIC serán a base da nosa práctica docente o que levará á súa vez á motivación do alumnado.</p> <p>Para adaptarnos á ensinanza non presencial utilizaremos unha plataforma para poñernos en contacto co alumnado. Así como un enderezo de correo electrónico para comunicarnos coas familias.</p> <p>Para aquel alumnado que comunique ao centro a súa dificultade para acceder ás actividades e tarefas programadas, buscaremos métodos alternativos para non se vexa interrompido o seu proceso de aprendizaxe. Por exemplo comunicacións telefónicas.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Utilizaremos recursos interactivos en diferentes plataformas virtuais, así como producións propias do alumno e material audiovisual.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informaremos ás familias a través de diferentes medios para asegurar que a información referida ao proceso de ensino e aprendizaxe chega a todas elas. Para isto empregaremos: <ul style="list-style-type: none"><li>- Blog de aula. 1epcprsanjose@blogspot.com</li><li>- Vía telemática (Correo electrónico)</li><li>- Vía telefónica.</li></ul>
<b>Publicidade</b>	A organización do proceso ensino-aprendizaxe achegaráselle ás familias a través de: <ul style="list-style-type: none"><li>- Web do centro</li><li>- Blog do centro.</li><li>- Blog de aula 1epcprsanjose@blogspot.com</li></ul>